



Ana Mª Entenza
Socia Fundadora
Ega Consultores



// Sector
Consultoría



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
1999



// Nº empregados
10

// Descrición da empresa

EGA Consultores naceu como froito da inquietude de tres profesionais dedicados á área de recursos humanos e que tiñan unha visión común de como podían trasladarlles ás empresas a súa experiencia dende una posición externa.

A empresa dedícase á consultoría de RR. HH., así como á formación e ao desenvolvemento, principalmente, na área directiva. Contan cun equipo global con alta orientación á clientela e á realización de proxectos innovadores e que acheguen valor ás empresa que confían neles.

"O servizo supuxo para nós a planificación e posta en marcha das accións para mellorar o noso potencial"

Ana Mª Entenza. Socia Fundadora de Ega Consultores

// Descrición do proxecto

Ega Consultores solicitou o servizo de análise do potencial competitivo co obxectivo de pararse a reflexionar e analizar o momento no que se encontraban con respecto a diferentes áreas e problemáticas. Deste modo, coa realización dun diagnóstico poderían emprender accións que repercutisen positivamente na mellora de servizos que lle ofrecen á súa clientela.

O proxecto baseouse en reunións previas e nun tratamento individual dos diferentes aspectos que había que analizar para chegar a un punto de consenso sobre as áreas nas que querían traballar e mellorar. Tras esta análise, detectáronse diferentes necesidades e priorizáronse as que podían desenvolverse dun xeito máis inmediato, como a revisión de funcións e tarefas do persoal para optimizar e planificar o traballo interno.






// O resultado

Como resultado, EGA Consultores logrou planificar e poñer en marcha accións para a mellora do seu potencial competitivo, establecendo prazos para continuar o camiño pautado en colaboración co axente colaborador e acometer os cambios máis urxentes dunha forma máis axeitada.

Ademais, permitiulles afondar noutros aspectos que contribúen á mellora da súa competitividade, como ofrecerlle á súa clientela solucións de máxima calidade e innovadoras, así como traballar dentro da empresa dunha forma máis organizada.

“Grazas ao Igape por poñer en marcha este tipo de proxectos, que no noso caso nos permitiu planificar e dar prioridade a accións estratéxicas”

Ana M^a Entenza.
Socia Fundadora. EGA Consultores



// Web

<http://egaconsultores.com>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.